Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 22 de decembro de 2016, adoptou entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"**PUNTO SÉTIMO.- DECLARACIÓN DE DESERTA DA LICITACIÓN DO SERVIZO DE LACERÍA, CANCEIRA E RECOLLIDA E INCINERACIÓN DE CADÁVERES DE ANIMAIS ABANDONADOS/PERDIDOS NO CONCELLO DE AMES.-**

Dáse conta do expediente de licitación do **Servizo de lacería, canceira e recollida e incineración de cadáveres de animais abandonados/perdidos no Concello de Ames**. O devandito expediente de licitación foi aprobado pola Xunta de Goberno Local correspondente o 24 de novembro de 2016, publicándose o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 227, do 30 de novembro de 2016. Considerando que unha vez transcorrido o prazo de 15 días naturais establecido para a presentación de ofertas non foi presentada ningunha proposta, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Declarar deserta a licitación do **Servizo de lacería, canceira e recollida e incineración de cadáveres de animais abandonados/perdidos no Concello de Ames.**

Segundo.- Dar publicidade ao referido acordo mediante a publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante do Concello de Ames.

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a vinte e sete de decembro de 2016, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria accidental

C.I.F.: P – 1500200 – I

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.gal
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

Firmado por ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE MIÑONES CONDE JOSE MANUEL - NIF 44808588B
Fecha: 27/12/2016 14:32:08 CET

Firmado por ENTIDAD CONCELLO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE VILAS CANTELAR CONCEPCION - NIF 34898478A
Fecha: 27/12/2016 13:30:06 CET